

**ASUNTO: PROGRAMA PROPIO PARA A FORMACIÓN
PREDOCTORAL EN ÁREAS CON ESPECIAL
DIFICULTADE PARA CONTRATAR DOUTORES**

O Programa propio para a formación predoutoral en áreas con especial dificultade para contratar doutores, aprobado en Consello de Goberno de data 05/03/2008 pretende dotar á Universidade de Vigo de capacidade para conseguir no futuro mellorar a canteira de investigadores dispoñibles para completar o cadro de persoal, incluíndo áreas nas que podería atoparse certa dificultade.

O procedemento de adxudicación de bolsas de masters de investigación e de contratos (axudas predoutorais) terá no ano 2010 as seguintes fases:

1.- **SELECCIÓN DE PERFÍS:** A selección de perfís no dito programa aprobarase pola COAP. Ábrese agora un prazo aos departamentos, ata o 27 de maio de 2010 para propor perfís no programa. Para a petición, os departamentos remitirán o impreso dispoñible na web <http://webs.uvigo.es/vicoap/> no apartado de impresos (específicos de profesorado e outros). Neste impreso indicárase o perfil que deben reunir os candidatos para acudir ás prazas perfiladas:

- Titulación.
- Programa(s) de doutoramento no que debe quedar encadrado. (Pode referirse a programas xa existentes e tamén a programas de doutoramento pendentes de verificación ligados a másteres de investigación da Universidade de Vigo pendentes tamén de verificación pola ANECA).
- Grupo(s) de investigación no que debe quedar encadrado.

As bases fixan para as propostas un límite de dúas prazas por área no conxunto do programa. De existir diferentes perfís na mesma área de coñecemento, é

aconsellable incluír todos eles nunha petición conxunta de unha ou dúas prazas, de xeito que o expediente dos candidatos sexa o criterio decisivo de selección. De existir peticións diferentes na mesma área e modalidade (bolsa/contrato), o departamento deberá priorizar as peticións.

2.- SELECCIÓN DE CANDIDATOS: Unha vez establecidos e publicados os perfís seleccionados pola COAP, os candidatos concorrerán á convocatoria de bolsas/contratos da Vicerreitoría de Investigación, aprobada no Consello de Goberno do 16/04/2010 e dispoñible na web:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/InvestigacionTransferencia/axudas_2009/ no

apartado VI.C e VI.D. Os prazos de solicitude son os seguintes:

Bolsas de master de investigación: 1 ao 29 de outubro de 2010


Contratos (axudas predoutorais): do 1 ao 30 de setembro de 2010

3.- INFORMACIÓN

As bases xerais do programa poden consultarse en <http://webs.uvigo.es/vicoap/vicoap4.gl.html> no apartado de Organización Académica (curso 2010/11) e na Vicerreitoría de Org. Académica e Profesorado (Tlfn: 986.813595).

Vigo, 10 de maio de 2010

O Vicerreitor de Org. Académica e Profesorado



Antonio García Pino

SRES./AS. DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO DA UNIVERSIDADE DE
VIGO